BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Xoves, 2 de setembro de 2021
Núm. 169

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## LAMA, A

### Subvencións e axudas

*AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O EMPADROAMENTO*

**AYUDAS PARA EL FOMENTO DE LA NATALIDAD Y EL EMPADRONAMIENTO**

*BDNS(Identif.):581485*

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/581485)

*ANEXO II*
*EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA*

Extracto de la resolución de Alcaldía núm. 2021-0395, do día 08/07/2021, por la que se convocan subvenciones en materia de AYUDAS PARA EL FOMENTO DE LA NATALIDAD Y EL EMPADRONAMIENTO para el año 2021, por el procedimiento de concurrencia competitiva.

De acuerdo con lo previsto en los artículos 17.3.b e 20.8.a da Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo se puede consultar en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans).

**Primero. Beneficiarios**

Serán beneficiarios de la subvención los progenitores y adoptantes de menores con residencia fijada en el Ayuntamiento de A Lama, en el que debe estar empadronado con 12 meses de antelación ininterrumpidos, como mínimo, al hecho que motiva la petición de la ayuda.

Además, para poder obtener la condición de beneficiarios, uno de los dos progenitores deberá cumplir los deberes que se recogen en la presente Convocatoria.

**Segundo. Objeto**

La subvención tiene por finalidad el fomento de la natalidad y el empadronamiento en el Ayuntamiento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:IXUDHI3MYWRZQCFW

El importe de la subvención no podrá superar los 1.000,00 euros por hijo nacido o adoptado en el periodo correspondiente entre el 01/01/2020 al 31/12/2020. En el caso de partos múltiples, se tendrá derecho a obtener un 40% adicional por uno segundo, y un 20% por siguientes hijos.

Las ayudas se repartirán un 50% en el año de la concesión de la subvención y el 50% restante en el año siguiente.

**Tercero. Bases reguladoras**

Las bases reguladoras de la concesión de estas subvenciones están contenidas en la Ordenanza específica para la concesión de subvenciones en materia de AYUDAS PARA El FOMENTO DE La NATALIDAD Y El EMPADRONAMIENTO, aprobada el día 28/07/2020 y publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra núm. 194, del día 07/10/2020, y en la página web del Ayuntamiento.

**Cuarto. Cuantía de la ayuda**

La aplicación presupuestaria a la que se le imputa la subvención es la siguiente 231.480, y la cuantía total máxima de las subvenciones convocadas es de 8.500,00 euros.

**Quinto. Plazo de presentación de solicitudes**

La solicitud irá suscrita por uno de los progenitores o adoptantes y se formularán en el modelo que figura como anexo de esta convocatoria. Se dirigirán al Alcalde-Presidente del Ayuntamiento y se presentarán en el Registro de Entrada del Ayuntamiento o por cualquiera de los medios señalados en el artículo 16 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

La solicitud de la ayuda se presentará durante los meses de septiembre y octubre de cada año por los nacimientos o adopciones que tuviesen lugar en el año natural anterior.

Se podrán presentar las solicitudes de forma telemática en los términos previstos en el artículo 12 en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

**Sexto. Otros datos**

Se deberán adjuntar a la solicitud los siguientes documentos:

— Documentos que acrediten la personalidad del solicitante y, de ser el caso, la representación de quien firme la solicitud (copia de la escritura de constitución o modificación, copia del acta fundacional y estatutos, copia del DNI, etc.).

— Certificado de nacimiento del recién nacido expedido por el Registro Civil correspondiente en el caso de nacimientos.— Resolución Judicial en el caso de adopciones.— Certificado de empadronamiento del beneficiario que acredite la residencia efectiva en el Municipio durante

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:IXUDHI3MYWRZQCFW

por los menos 12 meses de forma ininterrumpida, así como de convivencia del beneficiario con el recién nacido o adoptado.— Certificado de estar al corriente de sus deberes tributarios y de la Seguridad Social, así como de los deberes de cualquier tipo con el Ayuntamiento (Hacienda del Estado, Hacienda de la Xunta de Galicia y Tesorería de la Seguridad Social).— Certificado de cuenta bancaria (IBAN).

A LAMA, 23/07/2021

JORGE CANDA MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE A LAMA

**AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O EMPADROAMENTO**

*BDNS(Identif.):581485*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/581485)

*ANEXO II*
*EXTRACTO DA CONVOCATORIA*

Extracto da resolución de Alcaldía núm. 2021-0395, do día 08/07/2021, pola que se convocan subvencións en materia de AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O EMPADROAMENTO para o ano 2021, polo procedemento de concorrencia competitiva.

De acordo co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans).

**Primeiro. Beneficiarios**

Serán beneficiarios da subvención os proxenitores ou adoptantes de menores con residencia fixada no Concello da Lama, no que debe estar empadroado con 12 meses de antelación ininterrompidos, como mínimo, ó feito que motiva a petición da axuda.Ademáis, para poder obter a condición de beneficiarios, un dos dous proxenitores deberá cumprir as obrigas que se recollen na presente Convocatoria.

**Segundo. Obxecto**

A subvención ten por finalidade o fomento da natalidade e o empadroamento no Concello.

O importe da subvención non poderá superar os 1.000,00 euros por fillo nado ou adoptado no periodo correspondente entre o 01/01/2020 ao 31/12/2020. No caso de partos múltiples, terase dereito a obter un 40% adicional por un segundo, e un 20% por seguintes fillos.

As axudas repartiranse un 50% no ano da concesión da subvención e o 50% restante no ano seguinte.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:IXUDHI3MYWRZQCFW

**Terceiro. Bases reguladoras**

As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza específica para a concesión de subvencións en materia de AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O EMPADROAMENTO, aprobada o día 28/07/2020 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 194, do día 07/10/2020, e na páxina web do Concello.

**Cuarto. Contía da axuda**

A aplicación orzamentaria á que se lle imputa a subvención é a seguinte 231.480, e a contía total máxima das subvencións convocadas é de 8.500,00 euros.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

A solicitude irá subscrita por un dos proxenitores ou adoptante e formularase no modelo que figura como anexo desta convocatoria. Dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello e presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A solicitude da axuda presentarase durante os meses de setembro e outubro de cada ano polos nacementos ou adopcións que tivesen lugar no ano natural anterior.

Poderanse presentar as solicitudes de forma telemática nos termos previstos no artigo 12 na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Sexto. Outros datos**

Deberanse achegar á solicitude os seguintes documentos:

Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, de ser o caso, a representación de quen asine a solicitude (copia da escritura de constitución ou modificación, copia da acta fundacional e estatutos, copia do DNI, etc.).— Certificado de nacemento do recén nacido expedido polo Rexistro Civil correspondente no caso de nacementos.— Resolución Xudicial no caso de adopcións.— Certificado de empadroamento do beneficiario que acredite a residencia efectiva no Municipio durante polo menos os últimos 12 meses de forma ininterrompida, así como de convivencia do beneficiario co recén nacido ou co adoptado.— Certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como das obrigas de calquer tipo co Concello (Facenda do Estado, Facenda da Xunta de Galicia e Tesourería da Seguridade Social).

— Certificado de conta bancaria (IBAN).

A LAMA, 23/07/2021

JORGE CANDA MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA LAMA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:IXUDHI3MYWRZQCFW